

II Concurso de fotografía móbil #OMeuTeo

*Concurso de fotografía organizado polo Concello de Teo
para persoas de entre 12 e 25 anos*

O Concello de Teo, por medio da súa Concellaría de Benestar e Igualdade, convoca a segunda edición do concurso de fotografía #OMeuTeo dirixido a persoas de Teo que teñan entre 12 e 25 anos, co seguinte

REGULAMENTO

1. Poden concorrer todas as persoas de Teo que teñan entre 12 e 25 anos que o desexaren, podendo presentarse un máximo de 3 fotografías por participante.
2. As fotografías deben ser inéditas e a autoría da fotografía debe ser da persoa participante, sendo a temática relacionada coa **Feira do San Martiño de Francos** na súa edición 2018 (aceptaranse tanto fotografías da feira do 11 de novembro como das diversas actividades incluídas no seu programa e que se realizarán nos días previos). Non se aceptarán imaxes non relacionadas directa ou indirectamente coa Feira do San Martiño de Francos, nin aquelas cuxa autoría non corresponda á persoa participante.
3. As imaxes poden ser tanto en branco e negro como en cor. Só se admiten os filtros existentes na rede Instagram, calquera outra manipulación dixital das fotografías non está permitida.
4. A participación neste concurso é totalmente gratuíta.
5. Para participar no concurso as fotografías poden presentarse de dous xeitos:
 1. Subíndoas ás contas persoais das persoas participantes nas redes sociais Twitter ou Instagram acompañadas do hashtag #OMeuSanMartiño e mencionando a conta @MocidadeTeo. Neste caso o proceso de recollida das fotografías está automatizado por medio da plataforma *online* do concurso e só terá en conta aquelas fotografías publicadas nesas dúas redes sociais que vaian acompañadas do mencionado hashtag, #OMeuSanMartiño.
 2. Subíndoas directamente á plataforma *online* do concurso (i.gal/omeuteoll).
6. O prazo de participación no concurso estará aberto do 4 ao 18 de novembro.
7. A fotografía vencedora decidírase por medio dunha votación aberta *online* na plataforma habilitada para ese propósito, na cal ademais poderán votar todas as

persoas que se dean de alta na mesma. O prazo para a votación estará aberto do 19 ao 30 de novembro.

8. O premio para a persoa autora da fotografía vencedora será un teléfono móbil [Fairphone](#).
9. Se a autoría da fotografía gañadora pertence a unha persoa menor de idade, esta deberá entregar un permiso asinado pola nai, pai ou representante legal (anexo I) unha vez lle sexa comunicada a resolución do concurso. A entrega deste permiso pode realizarse por correo electrónico a mocidadeteo@gmail.com, ou no departamento de orientación do IES de Cacheiras ou no departamento de Benestar do Concello de Teo.
10. O Concello de Teo resérvase o dereito de excluír fotografías de teor ofensivo ou que incumpran calquera das regras especificadas neste documento. Calquera omisión ou dúbida de interpretación será resolvida polo Concello de Teo.
11. A fotografía premiada pasará a ser propiedade do Concello de Teo, o cal resérvase todos os dereitos sobre a mesma e poderá utilizala posteriormente con fins culturais, artísticos ou publicitarios, citando sempre o nome da persoa autora; aténdose, en todo caso, ao disposto na Lei de Propiedade Intelectual.
12. Os datos recollidos nese concurso pasarán a facer parte dunha base de datos que será utilizada coa única finalidade de facilitar a comunicación coas persoas participantes, quen poderán modificar ou eliminar eses datos dos ficheiros da entidade convocadora, segundo se detalla na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, solicitándoo por correo electrónico ao enderezo mocidadeteo@gmail.com.



CONCELLO DE **TEO**

ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA A
PARTICIPACIÓN DE MENORES DE IDADE

D./D.ª _____
(Nome do/a representante legal)

con DNI _____

En calidade de nai, pai ou representante legal de

(Nome do/a menor)

autorízoo/a a participar no II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA #OMEUTEO que se realiza online entre o 4 e o 18 de novembro de 2018 organizado pola Concellaría de Benestar e Igualdade do Concello de Teo.

Teo, ____ de _____ de 2018

Sinatura,

ATENCIÓN: A autorización virá acompañada pola copia do DNI da persoa que asina.